

# BOHEMIAN RHAPSODY

[Bryan Singer, 2018]

# 453

**ESTREA:** 31.10.2018 | V.O.S.E.

*Bohemian Rhapsody* (2018, 106')

**Dirección:** Bryan Singer

**Guión:** Anthony McCarten, Peter Morgan, Stephen J. Rivele, Christopher Wilkinson

**Elenco:** Rami Malek, Joseph Mazzello, Ben Hardy, Gwilym Lee, Lucy Boynton, Aidan Gillen, Tom Hollander

**Son:** John Warhurst

**Montaxe:** John Ottman

**Música:** Brian May, Roger Taylor

**Vestuario:** Julian Day

**Dirección de arte:** Rachel Aulton, David Hindle, Hannah Moseley, Alice Sutton

**Fotografía:** Newton Thomas Sigel

**Produtoras:** GK Films, New Regency Pictures, Queen Films Ltd., Tribeca Productions (Reino Unido, EEUU)

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*X-Men: Apocalipsis*, 2016

*Jack el cazagigantes*, 2013

*Valkiria*, 2008

*Superman Returns: El regreso*, 2006

*X-Men*, 2000

*Sospechosos habituales*, 1995

## SINOPSE

Celebración de Queen, da súa música e do seu extraordinario cantante Freddie Mercury, que desafiou estereotipos e esnaquizou tradicións para se converter nun dos *showmans* máis queridos do mundo.

«Constrúe un clímax xenuinamente conmovedor»

Tim Grierson, SCREEN INTERNATIONAL



## “A dor e a frustración de non entenderse foi un tema recorrente nas letras de Mercury”

**Entrevista con Rami Said Malek**  
Por Yenny Nun

**Como lograches converterte en Freddie Mercury?** Vin todo o que estivo ao meu alcance. Mesmo agora, que o filme está rematado, sigo buscando material. Tiven problemas para seguir adiante coa miña vida por mor da fascinación que aínda sinto por el. Hai bastante tempo que souben que este papel podería ser meu, aínda que un nunca pode estar seguro até a firma do contrato. Malia non haber luz verde, decidín estar preparado, e hai dous anos comecei a investigar pola miña conta no tempo libre que me quedaba entre o meu traballo en *Mr. Robot* e o filme *Papillon* (Michael Noer, 2018). Para este último, como tiña que envellecer, sacaron un molde da miña dentadura, así que pensei que tamén serviría para deseñar os dentes dianteiros de Freddie. Decidín mandalos facer, malia non ter asegurado o papel. Todas as noites colocaba a prótese e cantaba fronte o espello, transformándome en Freddie. Ademais, contratei un instrutor de movemento en lugar dun coreógrafo, porque Freddie non baila, senón que se move instintivamente no escenario.

**Como describirías a túa relación co cantante desde que te involucraches no filme?** Foi unha viaxe moi, moi longa. Comezou cando vin un dos primeiros vídeos que gravou con outro grupo musical, cando tiña un corte de pelo ao estilo dos Beatles e era moi tímido. E un nota como trata de cubrirse os dentes, por algo o acumaban «coello» no colexio. Nese tempo o seu nome era Farrokh Bulsara, un nome moi difícil de pronunciar en Inglaterra. Ir nesta viaxe con el foi incrível, porque sabía que chegaría un momento en que sería capaz de conectarse con centos de miles de persoas. Descubrín que era moi boa xente co seu grupo, pero tamén moi perfeccionista.

**Identifíchesche con el?** Nunha ocasión, Freddie comentou: «Somos catro raros cantándolles a outros catro raros na platea. A todas as persoas que están aquí e senten que non pertencen a ningures, dígolles que nós sentimos o mesmo. Somos vós». Eu sintome igual. A razón pola que me identifiquei con Elliot en *Mr. Robot* é esa sensación de sentirme como un forasteiro, de non lograr conectar co grupo. Toda a miña vida loitei por atopar o meu sentido de identidade. E en Freddie temos a este mozo que naceu en Zanzíbar, ao cal os seus pais mandaron a internados na India e que, ao seu regreso, cando se desata unha revolución no seu país, vese forzado a fuxir a Inglaterra coa súa familia. É unha típica historia de inmigrantes que piden asilo en Londres, e eu identifícome totalmente con iso, porque a miña familia tamén buscaba

unha vida mellor cando emigrou de Exipto a Estados Unidos.

**En que sentido sentías que non encaixabas?** Mentres medrei sentíame diferente, porque chegaba á miña casa e falabamos outro idioma e comiamos unha comida distinta á dos estadounidenses. Tamén me identifiquei con Freddie porque, cando estou fronte á cámara, sintome feliz igual que el no micrófono. Ambos sentimos unha seguridade que non temos nas nosas vidas cotiás, onde somos máis ben tímidos e solitarios.

**Como afrontaches a bisexualidade de Mercury?** Nese aspecto tiven que deixar a música de lado, miralo e velo como unha persoa que loita por descubrir a súa identidade. Un mozo moi complexo, que en entrevistas pode parecer que é dunha forma e ser totalmente distinto coa súa familia ou con Mary Austin, a quen describía como o amor da súa vida. Cando está a descubrir a súa sexualidade é outra persoa, ata o punto de non querer saber se é VIH positivo. Creo que tivo esta loita toda a súa vida. Freddie escribiu moitas das letras das primeiras cancións de Queen, e nunha delas di: «Desde sempre estou a buscar por arriba e por abaixo, e por que todos me din non». Fixen unha compilación destas letras, e decateime dun tema recorrente na súa música: a dor e a frustración de non entenderse.

Publicada en <https://cosas.pe>  
Tradución: Olalla Cociña

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

